



Proposta lúdico-cultural para mozos e mozas



Proposta lúdico-cultural para mozos e mozas

A adolescencia é unha etapa de desenvolvemento onde o entretemento e ocio adquiren enorme importancia. Alén da escola e as responsabilidades familiares, os mozos e mozas deberían encontrar no ocio escenario ideal onde comezar a aplicar a súa autonomía crecente, onde afondar nas súas relacións sociais e consolidar a súa identidade persoal. A forma na que cada neno ou nena en cuestión gozan do seu tempo libre pasa a ser unha importante fonte de influencia sobre o desenvolvemento sociopersoal durante a adolescencia.

Polo tanto, dende Tótem desenvolvemos a seguinte proposta con actividades socioculturais para promover un momento de lecer responsable e saudable para enriquecer o crecemento persoal dos mozos e mozas dunha forma atractiva.

Actividades Xuvenís

Obradoiros creativos


Ofertamos obradoiros creativos coma customización de roupa, creación de mesa doce, calceta cas mans, scrapbooking, cociña con froita...



Obradoiro de ilustración

Imparte: Roi Paz

Os participantes poderán crear a súa propia tira de cómic coa axuda dun ilustrador con ampla experiencia. Opción a unha sesión introdutoria ou curso de 8 sesións.



Obradoiro de TV e prensa

Impartido por dous especialistas coma son María Nieto e Pablo Rodríguez, o obradoiro consiste nunha xornada lúdico educativa, na que os participantes crearán o seu propio programa de televisión.

Comezando cunha pequena charla na que tratar os seguintes contidos: que é a televisión, como naceu, como chegou a España, como era e como é un plató de televisión real, como funciona tecnicamente unha televisión (teleprompter, croma, retransmisións en directo...), que tipo de programas existen (información, opinión, entretemento, formatos mixtos), como se estrutura unha redacción de televisión.

O equipo técnico pasa a recibir formación específica sobre como manexar a cámara, a mesa de mezclas, as luces, a microfonía e a edición.

O equipo de redacción aprenderá como se estrutura un equipo de traballo, como se fai a produción dos programas, como se redacta un guión e como se estrutura unha escaleta de medición de tempos e contidos.

Co programa xa estruturado, comeza a "emisión" en falso directo do mesmo, descubriendo eles mesmos como é realmente o traballo dos profesionais audiovisuais.

Obradoiro de teatro improvisado


A improvisación é a habilidade de contar historias que se crean e desenvolven no mesmo instante de actualas. A improvisación teatral, tamén coñecida como Impro, é unha depurada técnica con normas e motores para facer dela un espectáculo en si mesmo. O improvisador en escena é, ao mesmo tempo, actor, director, escenógrafo e dramaturgo da súa propia historia. Imparte: Los Duguis Impro.



Obradoiro circense

Tradicionalmente, a única forma de transmisión de coñecementos no ámbito circense era por herdanza, de pais a fillos. Sen embargo, nos últimos anos esta tendencia foi cambiando, atopándonos hoxe en día con escolas de circo e centros de adestramento por moitas cidades do país. Así, os diversos beneficios que aporta a práctica das distintas artes do circo, como o traballo da lateralidade, esquema corporal, psicomotricidade e a aceptación do erro como forma de aprendizaxe, están ao alcance de case todas e todos.

E, para seguir nesta liña de transmisión da cultura circense, acercando así ás persoas novas a posibilidade de probar as diversas disciplinas circenses ao tempo que se preparan para contidos que se exixen no programa de Educación Física propoñemos este obradoiro da man de Marta Iglesias.



Obradoiro de maxia

A maxia é unha arte escénica que constrúe soños na realidade, por medio de técnicas que manipulan a percepción e provocan a ilusión de algo imposible e fascinante.

Neste obradoiro iniciáremos na arte da maxia cunha coidada pedagogía. Trataremos os fundamentos e habilidades da prestidixitación, ao igual que os procesos psicolóxicos que ensinarán a controlar e dirixir a atención do espectador, así como a súa percepción e memoria. Plantexado sempre sobre unha base de xogos e exercicios prácticos para entender e xenerar estes procesos creativos.

Para realizar o obradoiro non se require dunha habilidade especial ni coñecementos previos de ilusionismo. Imparte: Kiko Pastur.



C/ Arco 9 bajo, 15003, A Coruña.

Tel.: 881 883 578

Móvil: 698 173 327

info@totemgestion.com

www.totemgestion.com



Síguenos en redes.

